



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA

**Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes**  
**Sección de Educación, Cultura e Deportes**  
**Expediente: 2021000011123**

## **RESOLUCIÓN NÚMERO 32181 DO 06.08.2021 POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN DEFINITIVA DAS BOLSAS PARA PERFECCIONAMENTO DE ESTUDOS ARTÍSTICOS 2021-ÁREA DE DANZA E ARTES DO MOVEMENTO**

Don **Valentín González Formoso**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Por resolución da presidencia n.º 28924, do 6 de xullo de 2021, aprobouse a adjudicación provisional das Bolsas para perfeccionamento de estudos artísticos 2021-Área de danza e artes do movemento, e concedeuse un prazo de 10 días para comunicar, se for o caso, a desistencia da solicitude, presentar alegacións ou emenda de erros.

No dito prazo non se presentaron desistencias, alegacións ou emendas.

Vistos os informes dos servizos de Acción Social, Cultural e Deportes e de Fiscalización.

### **RESOLVO:**

**1.- Conceder definitivamente** as bolsas ás seguintes persoas:

**Titular da bolsa:** INÉS BARCIA FÁBREGAS

NIF: \*\*\*1792\*\*

Expediente: 2021000025729

Obxecto da bolsa: Programa de Educación Somática do Movemento (BMC) en Movemento Atlas, Zaragoza

Importe da bolsa: 10.000 €

**Titular da bolsa:** PEDRO PAREDES SOLANA

NIF: \*\*\*0421\*\*

Expediente: 2021000024213

Obxecto da bolsa: 6º Curso Ensinanzas Profesionais de Danza Clásica e Pregrado de Teatro Musical, no Conservatorio Scaena e Som Academy , en Madrid

Importe da bolsa: 10.000 €

**Titular da bolsa:** SUEVIA ROJO MOURE

NIF:\*\*\*6796\*\*

Expediente: 2021000025003

Obxecto da bolsa: Segundo ano estudos de Performact en Torres Vedras ( Portugal)

Importe da bolsa: 10.000 €

**2.- Dispor** o gasto das bolsas concedidas con cargo á aplicación 0612/3262/481, fase A, operación nº 220210010512 , por importe total de 30.000 €

**3.- Nomear suplentes** ás seguintes persoas, pola orde que se indica:

Suplente 1: Sánchez Temprano, Isabel

Suplente 2: Pérez López, Ángela

Suplente 3: García Gago, Sira

**4.- Publicar** a presente resolución definitiva na web da Deputación Provincial da Coruña, co que se entenderá notificada ás persoas interesadas, de acordo co establecido no art.45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativa-mente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinenteç